

XORNADA

ARTE

+

CRISE  
SOCIAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA  
CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
15 DE MARZO DE 2013



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Os tempos están cambiando. Non sabemos, con certeza, cales serán os nosos roles na nova época. Tampouco sabemos cales serán os espazos da cultura, nin da arte. Se as respostas tenderán cara á indignación ou á resignación. As palabras 'compromiso', 'xustiza' ou 'colaboración' semellan soterradas polo vocabulario económico do capitalismo financeiro e a terminoloxía banal dos media.

Sobre o pano de fondo, unha crise sistémica e poliédrica, o eido cultural e, nomeadamente, o sistema da arte contemporánea asumen as súas propias convulsións, vinculadas ao seu propio carácter crítico.

O refuxio estético non semella razón suficiente para que a arte sobreviva alén da meirande parte da sociedade. A arte e a cultura contemporáneas poden ser síntomas de absentismo, pero tamén de cambio ou mesmo acicate e influencia para o mesmo.

Así, decididas apostas por reintroducir a función social na arte non se limitan ao plano da representación nin se circunscriben ao contexto artístico senón que procuran a inserción no tecido social e o traballo colaborativo coa cidadanía.

Na era do capitalismo global, hai situacións críticas que demandan compromisos. A arte como movemento, estratexia e táctica, como metodoloxía e pedagogía pode desempeñar un papel importante e necesario: sensibilizando, visibilizando problemas, construíndo narrativas visuais ao tempo que xerando novos imaxinarios culturais.

Nesta Xornada *Arte + Crise social*, Consello da Cultura Galega pregúntase por estas situacións e estas posibilidades. Coa axuda de especialistas, artistas e profesionais da crítica, afondamos na dialéctica entre o modelo biopolítico hexemónico actual e as respostas que están a formular distintos axentes culturais.

## PROGRAMA

# 15 marzo

10:00 h INAUGURACIÓN

## SESIÓN DA MAÑÁ

10:30 h *Topoloxía dunha crise. Arte, capital, biocapital*  
**TERESA M. VILARÓS-SOLER**, profesora de Estudos Hispánicos da Texas A&M University  
Conversa con **FEDERICO LÓPEZ SILVESTRE**, profesor de Historia das Ideas Estéticas da Universidade de Santiago de Compostela

12:00 pausa

12:30 h *Crítica e crise*  
**ELENA VOZMEDIANO**, crítica de arte, colaboradora do suplemento *El Cultural*  
Conversa con **NATALIA PONCELA**, crítica de arte e comisaria de exposicións

## SESIÓN DA TARDE

16:30 h *Revisión do compromiso*  
**MANUEL FIGUEIRAS**, artista visual  
**MIGUEL MOSQUERA**, artista visual

18:00 h *Feminismo contra crise social. Máis alá do patriarcado capitalista*  
**MAU MONLEÓN**, artista visual e profesora na Facultade de Belas Artes da Universitat Politècnica de València  
Conversa con **MAR CALDAS**, artista visual e profesora na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo

**ORGANIZA:**

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas  
Consello da Cultura Galega

**COORDINAN:**

Camilo Franco  
María Luísa Sobrino

**Inscripción:**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado (35 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.  
Entregarase diploma acreditativo da asistencia á xornada.

**Lugar de realización:**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
15705 Santiago - A Coruña  
Tel.: +34 981957202



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar | Tfno. 981957202

15705 | Santiago de Compostela | Galicia

Máis información e inscrición | [difusion@consellodacultura.org](mailto:difusion@consellodacultura.org)

Consulta os materiais en | <http://consellodacultura.org/mediateca>